



Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.org

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

# Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

REGISTRO DE ENTRADA

## COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DUNHA ACTIVIDADE

URB-ACT-002

INTERESADO	APELIDOS		NOME		N.I.F.		
	DENOMINACIÓN SOCIAL						N.I.F.
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			NÚMERO	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
	MUNICIPIO			PROVINCIA			
CÓDIGO POSTAL		TELÉFONOS DE CONTACTO		CORREO ELECTRÓNICO			

REPRESENTANTE	APELIDOS		NOME		N.I.F.		
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						N.I.F.
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			NÚMERO	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
	MUNICIPIO			PROVINCIA			
CÓDIGO POSTAL		TELÉFONOS DE CONTACTO		CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA ACTIVIDADE	SITUACIÓN DA ACTIVIDADE (RÚA/LUGAR)			Nº/KM.	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
	REFERENCIA CATASTRAL						
	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE					SUPERFICIE/M <sup>2</sup>	
						POTENCIA MECÁNICA (C.V.)	
						AFORO	
EPÍGRAFE I.A.E.		DENOMINACIÓN COMERCIAL					
TIPO DE ACTIVIDADE							

OBRAS A EXECUTAR	Que é certo o que manifesta, e, en todo caso (sinálese cun "x" o que proceda):						
	<input type="checkbox"/> Que non son precisas obras de acondicionamento do local onde se vai a desenvolver a actividade.						
	<input type="checkbox"/> Que remataron as obras necesarias para o acondicionamento do local onde se vai a desenvolver a actividade axustándose as súas determinacións como consta no certificado de fin de obra asinado por técnico competente que se xunta a esta comunicación previa. As ditas obras (sinálese cun "X" segundo proceda): <input type="checkbox"/> Foron obxecto de comunicación previa que foi declarada completa por Resolución da Alcaldía de data ..... / ..... / ..... <input type="checkbox"/> Foron autorizadas por licenza previa outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data ..... / ..... / .....						

DECLARACIÓN RESPONSABLE	ADEMAIS,						
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Que a comunicación previa que se presenta cumpre, en todos os seus termos, coa ordenación urbanística aplicable no Concello de Vilanova de Arousa.</li> <li>• Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades ou instalacións que se van a desenvolver.</li> <li>• Que, de dispoñer de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.</li> <li>• Que o local onde se vai a desenvolver a actividade disporá de extintores, iluminación de emerxencia e sinalización, segundo o disposto na normativa vixente.</li> <li>• Que se cumprirán os requisitos relativos ás medidas hixiénico-sanitarias.</li> <li>• Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.</li> <li>• Que non implica unha primeira utilización da edificación.</li> <li>• Que o local onde se vai a desenvolver a actividade cumpre coas normas de accesibilidade.</li> <li>• Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios para o exercicio da actividade.</li> <li>• Que achega toda a documentación preceptiva.</li> <li>• Que son certos os datos expresados nesta comunicación.</li> </ul>						

**ADVIRTESE Á PERSOA ASINANTE DA COMUNICACIÓN PREVIA QUE,** de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia e co artigo 17, apartados 1.b) e 2, do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se aporta ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento no que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

De acordo ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vilanova de Arousa. En calquera momento poderá exercitar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo a través de escrito presentado no Rexistro do Concello.

ASÍ MESMO,

- Que cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio. Ademais, contará no local, a disposición dos servizos de inspección municipais dunha copia desta documentación e, nos casos establecidos na normativa, coa certificación de illamento acústico e/ou medicións do nivel de rúidos.
- Que ao tratarse dunha actividade continuada, se axustará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, coa obtención das autorizacións que, se é o caso, resulten necesarias para tal finalidade.

**AUTORIZA** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal ao Concello de Vilanova de Arousa á comprobación telemática ante outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver .

**E COMUNICA** que iniciará a actividade a partires do día ..... (no caso de non indicarse data entenderase a partir do mesmo día da presentación da instancia).

En ..... a ..... de ..... de .....

Sinatura do/a interesado/a: Nome e N.I.F.: .....

#### CONDICIÓNS XERAIS

- Cando se queiran realizar diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmovible, presentárase unha única comunicación previa.
- No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso destes.
- A persoa titular da actividade, deberá dispor dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.
- Son causas de **ineficacia da comunicación previa**:
  - a) O incumprimento orixinario ou sobrevido dos requisitos legais a que estivese sometida a actividade ou o establecemento.
  - b) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa.
  - c) A presentación da comunicación previa ante unha Administración incompetente para recibila ou cando a actividade ou establecemento estivese sometido a outro réxime de intervención administrativa.
  - d) **O non exercicio da actividade no prazo de seis meses** contado desde que a comunicación previa habilite para o exercicio desta, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa conforme á normativa vixente para o exercicio da actividade.
  - e) **A interrupción da actividade durante un ano**, contado desde a data en que se produciu esta interrupción, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa conforme á normativa vixente para o exercicio da actividade.

Toda actividade a que fan referencia estas normas pode ser suspendida, naqueles supostos de urxencia o gravidade, por non exercerse conforme os requisitos establecidos na normativa de aplicación, sen prexuízo das demais medidas provisionais que procedan de acordo coa normativa de aplicación e estas normas.

## RELACIÓN DE ACTIVIDADES NON INCLUIDAS NO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA SENÓN QUE ESTÁN SUXEITAS Á OBTENCIÓN DE LICENZA MUNICIPAL

- A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao procedemento que regulamentariamente se estableza.
- A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.
- O exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR EN CASO DE TERSE REALIZADO OBRAS DE ACONDICIONAMENTO PREVIO (CON LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA)

- Persoa física: Fotocopia do N.I.F. No caso de que se compareza en representación doutra persoa acompañarase, ademais da fotocopia do N.I.F. do representado, o documento que acredite debidamente a representación.
- Persoa xurídica: a persoa que asine a solicitude achegará a documentación acreditativa da súa representación (fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, poder, etc.).
- Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Certificación de que se remataron as obras e instalacións, asinada polo/a seu/súa técnico/a director/a.
- Se procede, certificado acústico.
- Se o titular da actividade é distinto do solicitante da obra: documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de aluguer ou escritura de compra, etc.).
- Fotocopia da póliza do seguro de responsabilidade civil, en caso de non terse presentado coa comunicación previa de obras.
- Fotocopia do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) ou, no seu caso, declaración de exención de dito tributo.
- Certificado suscrito por técnico competente expedido no modelo oficial aprobado polo concello no que se acredite que a actividade cumpre coa normativa aplicable vixente.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR SE NON FORON REALIZADAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO PREVIO (CON LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA)

- Persoa física: Fotocopia do N.I.F. No caso de que se compareza en representación doutra persoa acompañarase, ademais da fotocopia do N.I.F. do representado, o documento que acredite debidamente a representación.
- Persoa xurídica: a persoa que asine a solicitude achegará a documentación acreditativa da súa representación (fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, poder, etc.).
- Descritiva gráfica catastral.
- Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.).
- Fotocopia da póliza do seguro de responsabilidade civil, en caso de non terse presentado coa comunicación previa de obras.
- Fotocopia do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) ou, no seu caso, declaración de exención de dito tributo.
- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar suscrita por técnico competente, que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai a desenvolver.
- Memoria/Proxecto Técnico que resulte esixible, segundo a natureza da actividade ou instalación, suscritos por técnico competente, que definan as actuacións que se van a desenvolver, co contido e detalle que lle permita ao Concello coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. Deberá de xustificar que o local será apto para o uso, de acordo coa normativa aplicable e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios, accesibilidade e normativa específica de edificación precisa para o uso pretendido (2 copias en papel e 1 por cada organismo sectorial en caso de que teña que remitirse dende o concello; ademais dunha copia en formato dixital asinada electrónicamente).  
Incluirá plano de situación, plano de localización nas normas urbanísticas en vigor, plantas, alzados e seccións do local acoutados a escalas 1:100 ou 1:50 segundo o caso, indicando o uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións, etc., e as instalacións de protección contra incendios.
- Reportaxe fotográfica do local, fachadas e interior.
- Manifestación expresa da persoa titular da actividade ou do establecemento, suscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, de acordo co artigo 11.d do Decreto 144/2016.
- Certificado suscrito por técnico competente expedido no modelo oficial aprobado polo concello no que se acredite que a actividade cumpre coa normativa aplicable vixente.
- Declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Informe das condicións acústicas nos termos do artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou, se procede, manifestación expresa que o substitúa.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais emitidos polos organismos estatais ou autonómicos competentes, cando sexan legalmente esixibles para o/a interesado/a, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento nalgún ou varios dos seguintes ámbitos:
  - Costas
  - Augas
  - Estradas
  - Deputación Provincial
  - Patrimonio
  - Outro (indicar) .....